



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 9 DE MAIO DE 2025

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

XOSE ANTON ARRIIBE RODRIGUEZ

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

LUCIA PICOS ANEIROS

AUSENTES:

Excusa a súa asistencia o Concelleiro:

ISMAEL DURAN BEREJO

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:54 horas do día 9 de maio de 2025, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 25.04.2025

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 25.04.2025 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRAS DO EXPTE: 2019/U022/000014 (EXPTE: 2023/U003/000003)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 06.05.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 09.05.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA



Asunto: PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRAS DO EXPTE: 2019/U022/000014 (Expte: 2023/U003/000003)

EXPEDIENTE RELACIONADO:	2019/U022/000014
OBXECTO:	PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRAS. EXPTE: 2019/U022/000014 CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR EN
PROMOTOR:	
CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:	SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN
REFERENCIA CATASTRAL:	
PAZO DE REMATE DAS OBRAS:	3 anos
OBSERVACIÓNS:	Cumpríranse as condicións da licenza vixente
CONDICIÓNS PARTICULARES (segundo o informe técnico de data 05.05.2025)	- A edificación será rematada exteriormente. - Achegarase cada 6 meses informe da Dirección Facultativa do estado de execución das obras no que se indicará a porcentaxe de execución das obras respecto ao total, con inclusión de certificacións de obras e fotografías, aos efectos de comprobación sobre a interrupción das obras por prazo non superior a seis meses.

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal en data 05.05.2025
- Visto o informe xurídico emitido pola Técnico de Administración Xeral de data 06.05.2025

Polo exposto, **PROPOÑO** que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1. Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a prórroga do prazo para o remate das obras.
2. As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no expediente de referencia.
3. Advertir ao propietario ou promotor que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ó Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a esta a documentación que cumpra segundo a lexislación vixente para a alta da vivenda no Catastro de Bens Inmóbiles de Natureza Urbana.
4. Incluir na notificación do acordo as condicións xerais da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. RECOÑECIMENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/19. EXPEDIENTE: 2025/G006/000131

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.05.2025, que literalmente di:



“Expediente: 2025/G006/000131
Asunto: RECOÑECIMIENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/19

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F/2025/19 que suma un importe total de 114.118,90 €:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2025/711	2025/0432	28/02/2025	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento RU Mes Febreiro 2025	SE	1623	22799	17.892,49 €
F/2025/912	25 100	31/03/2025	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU MARZO DE 2025	SE	1621	22700	43.165,34 €
F/2025/970	ACHEGA2025	06/03/2025	G01628551	ASOCIACION PARA XEOPARQUE CABO ORTEGAL	ACHEGA XEOPARQUE CABO ORTEGAL. ANUALIDADE 2025	SE	432	46600	32.740,00 €
F/2025/973	2025/0734	31/03/2025	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento RU Mes Marzo 2025	SE	1623	22799	20.321,07 €
								TOTAL	114.118,90 €

Visto o informe de REPARO de Intervención de data 02.05.2025 relativo á fiscalización da relación número de facturas F/2025/19.

Visto o Decreto de Alcaldía número 206/2025 de data 02.05.2025 de levantamento do reparo.

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente.

Así mesmo, e segundo as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2025, que é o prorrogado do ano 2024, corresponderá ao presidente da corporación a autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Como sinala o art. 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público “a competencia é irrenunciabile e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis”.



Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Atendido que a Alcaldía, facendo uso da atribución que lle confire o artigo 21.3 da LBRL, delegou na Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto nº 345/2023, de data de 10.07.2023, entre outros extremos “1) *Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE, dentro dos límites que competen ao Alcalde*”.

Esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas da relación de facturas F/2025/19 con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes do Orzamento Municipal exercicio 2025, que é o prorrogado do ano 2024 e aprobar as correspondentes facturas, por un importe bruto de 114.118,90 euros.

SEGUNDO.- Ordenar os pagamentos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe bruto de 114.118,90 euros.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución á Intervención e Tesourería, ós efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN ÚNICA DA OBRA “MELLORA DE FIRMES NOS LUGARES DE MUNDÍN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E VILACACÍN E NAS RÚAS C. PONTUS E CUARTEL”. POS+2023. EXPEDIENTE NÚMERO: 2023/C003/000001

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 06.05.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Expediente número: 2023/C003/000001

Asunto: aprobación da certificación única da obra “MELLORA DE FIRMES NOS LUGARES DE MUNDÍN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E VILACACÍN E NAS RÚAS C. PONTUS E CUARTEL”. POS+2023

Visto que con data 13.03.2025 (R.E. 2025/999/527) D.ª Ana Adelina López López, directora da obra denominada “Mellora de firmes nos lugares de Mundín, As Bieiteiras, Santallamar e Vilacacín e nas rúas C. Pontus e Cuartel”, presentou a seguinte documentación correspondente á empresa adjudicataria LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A., con CIF A70124201:

- Certificación de obra única polo importe de 127.653,48 €



- Fotografía do cartel de obra

Consta no expediente a Acta de Recepción formalizada con data 10.04.2025.

Consta así mesmo no expediente a xustificación do control de calidade realizado e da xestión de residuos; e unha reportaxe fotográfica da obra.

Visto que a factura con nº de rexistro de facturas F/2025/975, de data 12.03.2025, nº de factura A228 A228-25-0001, correspondente á certificación única da obra “Mellora de firmes nos lugares de Mundín, As Bieiteiras, Santallamar e Vilacacín e nas rúas C. Ponthus e Cuartel” por importe de 127.653,48 €, foi expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e presentada telematicamente.

Visto que con data 05.05.2025 emitíuse informe de reparo pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación ÚNICA de obra e factura presentada, por non cumprir o adxudicatario co prazo de execución do contrato e a necesidade de impoñer penalidades ao contratista.

A solicitude de prórroga fíxose fora do prazo establecido legalmente, cando a obra xa debería ter rematado. Ao non ser admisibles as prórrogas tácitas (ART. 29.2 LCSP) a duración do contrato era ata o 14.12.2024. E por tanto, a súa execución está excedida, incorrendo o contratista en retraso. Polo tanto, incúmprese o prazo legalmente establecido.

No tocante a este tema, a solicitude de prórroga da execución do contrato presentada o día 13.12.2024 por D. Alfonso Luis Payo Suárez, en representación de LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A., CIF. A70124201 xustifica dalgunha maneira o retraso na execución da obra do seguinte xeito:

“1.- ANTECEDENTES

LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A. é adxudicataria das obras de referencia, para o Concello de Cedeira, formalizándose o contrato en cuestión o 14 de agosto de 2024, cun prazo de execución de tres (3) meses dende o día seguinte á sinatura da acta de comprobación do replanteo, que tivo lugar o 13 de setembro de 2024.

2.- XUSTIFICACIÓN DA AMPLIACIÓN Durante a execución das obras producíronse unha serie de circunstancias alleas a LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A., que interfíren no normal desenvolvemento dos mesmos. En particular, as inclemencias meteorolóxicas nestas datas (chuvias e baixas temperaturas), impediron executar as obras con normalidade e desaconsellan executar, polo momento, os pavimentos de aglomerado en quente. Achéganse datos de días de chuvia nestes meses, no listado adxunto pódese apreciar que no prazo de duración das obras, ata hoxe, houbo 50 días de choivas, o que supuxo a imposibilidade de realizar os traballos, véndose completamente afectadas as pavimentacións e a pintura.

3.- CONCLUSIONES Polo anteriormente exposto, solicítase unha ampliación de dous (2) meses no prazo de execución das obras de “MELLORA DE FIRMES NOS LUGARES DE MUNDÍN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E VILACÍN E NAS RÚAS C. PONTUS E CUARTEL (CEDEIRA)”.

Consta informe da Dirección de Obra presentado por rexistro en data 17.12.2024 favorable á ampliación do prazo de execución solicitado polo contratista no que se conclúe o seguinte:

“La argumentación expuesta por el contratista en lo referente a la solicitud de prórroga:debido a circunstancias meteorológicas van a impedir realizar las tareas de aglomerado inicialmente previstas... Por parte de la dirección de obra se considera justificada la solicitud de ampliación de prórroga por circunstancias meteorológicas. Según datos de la Estación Meteorológica de Punta Candieria, ha llovido todos los días del último mes, lo que limita su ejecución según el artículo 542.8



del Pliego de Prescripciones Técnicas Generales para obras de carreteras y puentes, redactado según la Orden FOM/2523/2014, por provocar segregaciones térmicas en el extendido de la capa, lo que repercute negativamente en las propiedades de la mezcla asfáltica en caliente.”.

Enténdese, polo tanto, que o incumprimento no prazo de execución das obras non é por culpa do contratista.

Visto o decreto de Alcaldía número 208/2025 de data 05.05.2025 de levantamento de reparo.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto que de conformidade co art. 185.2 TRLRFL “Corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigacións derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos”.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e Base 19ª de Execución do Orzamento do ano 2025, que é o prorrogado do ano 2024, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto que de conformidade co art. 185.2 TRLRFL “Corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigacións derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos”.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e Base 19ª de Execución do Orzamento do ano 2024, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.



Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; o RDL 2/2004, de 5 de marzo; o RD 550/1990, de 20 de abril, as Bases de Execución do Orzamento do ano 2024, esta Alcaldía, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente, **propón** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Acordar a non imposición de penalidades ao contratista por entender que o retraso na execución da obra non é por causas imputables á empresa adxudicataria.

SEGUNDO.- Aprobar a certificación de obra única da obra “Mellora de firmes nos lugares de Mundín, As Bieiteiras, Santallamar e Vilacacín e nas rúas C. Ponthus e Cuartel” a favor do contratista LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A., con CIF A70124201, polo importe de CENTO VINTE E SETE MIL SEISCENTOS CINCUENTA E TRES EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (127.653,48 €).

TERCEIRO.- Recoñecer a obriga correspondente da factura con nº de rexistro de facturas F/2025/975, de data 12.03.2025, nº de factura A228 A228-25-0001, correspondente á certificación única da obra “Mellora de firmes nos lugares de Mundín, As Bieiteiras, Santallamar e Vilacacín e nas rúas C. Ponthus e Cuartel” por importe de 127.653,48 €, con cargo á aplicación orzamentaria 454.619.00 do vixente Orzamento Municipal exercicio 2025, que é o prorrogado do ano 2024 e aprobar a correspondente factura, por un importe de CENTO VINTE E SETE MIL SEISCENTOS CINCUENTA E TRES EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (127.653,48 €).

CUARTO.- Ordenar o pagamento con cargo á aplicación orzamentaria 454.619.00 do vixente Orzamento Municipal exercicio 2025, que é o prorrogado do ano 2024, por un importe de CENTO VINTE E SETE MIL SEISCENTOS CINCUENTA E TRES EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (127.653,48 €).

QUINTO.- Remitir á Excma. Deputación Provincial da Coruña a documentación necesaria para os efectos xustificativos correspondentes.

SEXTO.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e á directora da obra.

SÉTIMO.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5. DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 16.04.2025, P.O. 174/2023 DE CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2023/P002/000007)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.05.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 16.04.2025, P.O. 174/2023 DE CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2023/P002/000007)



Vista a sentenza do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 16.04.2025 (rex de entrada nº 202500000001354, de data 28.04.2025) en relación co procedemento ordinario P.O. 174/2023 de e outros contra o concello de Cedeira, cuxo fallo di:

“SE ESTIMA PARCIALMENTE el recurso contencioso administrativo interpuesto por la procuradora Sra. Villalba López en el nombre y representación invocada contra la desestimación por silencio administrativo de la reclamación de responsabilidad patrimonial objeto del presente procedimiento que se anula por no ser conforme a derecho, SE DECLARA la responsabilidad patrimonial del Concello de Cedeira y SE LE CONDENA a indemnizar a la demandante en la cantidad de VEINTEMIL SETECIENTOS CINCUENTA Y SEIS EUROS Y SESENTA Y UN CÉNTIMOS (20.756,61 €) más el interés legal desde la fecha de presentación de la reclamación en vía administrativa. Sin costas.

Notifíquese esta sentencia a las partes, haciéndoles saber que contra la misma no cabe recurso de apelación.”

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento da sentenza.

Segundo.- Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

6. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 206/2025 DE DATA 02.05.2025 DE LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/19

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 206/2025 de data 02.05.2025, que di:

“Expediente: 2025/G003/000222

Asunto: LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/19

DECRETO ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F/2025/19 que suma un importe total de 114.118,90 €:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2025/711	2025/0432	28/02/2025	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento RU Mes Febreiro 2025	SE	1623	22799	17.892,49 €
F/2025/912	25 100	31/03/2025	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU MARZO DE 2025	SE	1621	22700	43.165,34 €
F/2025/970	ACHEGA2025	06/03/2025	G01628551	ASOCIACION PARA XEOPARQUE CABO ORTEGAL	ACHEGA XEOPARQUE CABO ORTEGAL. ANUALIDADE 2025	SE	432	46600	32.740,00 €
F/2025/973	2025/0734	31/03/2025	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO	Tratamento RU Mes Marzo 2025	SE	1623	22799	20.321,07 €



				AMBIENTE					
									TOTAL 114.118,90 €

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente. Así mesmo corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollerse para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Visto o informe de REPARO de Intervención de data 02.05.2025 relativo á fiscalización das facturas da relación número F/2025/19 no que se sinala o seguinte:

“(…)

Que as obrigacións responden a gastos aprobados e, no seu caso, fiscalizados favorablemente, salvo que a aprobación do gasto e o recoñecemento da obrigación deban realizarse simultaneamente. INCÚMPRESE no caso da seguinte factura:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRAT O	PRO G	ECO N	IMPORTE
F/ 2025/912	25 100	31/03/2025	B8248585 5	HALLKUSS CORPORATION , S.L	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU MARZO DE 2025	SE	1621	22700	43.165,34 €

Non se seguiu o procedemento legalmente establecido, nin o disposto nas Bases de Execución do Orzamento.

Descrición da causa de reparo:

Facturas que corresponden a gastos tramitados sen seguir os procedementos fixados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: Contratos menores.

De conformidade co disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros*, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros*, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal (* Excluído o IVE).

O mesmo artigo dispón que nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no parágrafo anterior.

Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei



establezan.

No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

A maior abundamento, as propias bases de execución do orzamento municipais esixen un procedemento mínimo de tramitación dos expedientes de contratos menores (...)

O reparo de Intervención basease fundamentalmente na omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais segundo o previsto nas bases de execución orzamentaria.

A pesar de que se toman en consideración as argumentacións apuntadas pola funcionaria, a situación de recursos e medios do concello impide que se regularicen todas estas prestacións sen afectar á boa marcha do concello e á satisfacción dos intereses municipais e prestación de servizos.

Nembargantes o anterior informe de intervención, o órgano competente, neste caso o Alcalde-Presidente, procede a levantar os reparos sinalados e ordena seguir a tramitación en relación co recoñecemento, fiscalización, aprobación de facturas e pago das mesmas, procedendo coa maior brevidade posible a tramitar os procedementos obxecto de reparo.

Dada a conformidade á obras, servizo ou subministro do que deriva a factura ou documento de cargo, mediante a seguinte dilixencia: “CONFORME” e a sinatura desta Alcaldía, conforme ao recollido nas Bases de Execución do Orzamento.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2025, que é o prorrogado do ano 2024, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.

Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; o RDL 2/2004, de 5 de marzo; o RD 550/1990, de 20 de abril, as Bases de Execución do Orzamento do ano 2025, que é o prorrogado de 2024, esta Alcaldía, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo de Intervención, de conformidade co sinalado no artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei



Reguladora das Facendas Locais e ordenar que se continúe coa tramitación do expediente.

SEGUNDO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

7. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 208/2025 DE DATA 05.05.2025 DE LEVANTAMENTO DE REPARO CERTIFICACIÓN ÚNICA DA OBRA “MELLORA DE FIRMES NOS LUGARES DE MUNDÍN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E VILACACÍN E NAS RÚAS C. PONTUS E CUARTEL”. POS+2023

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 208/2025 de data 05.05.2025, que di:

“DECRETO DE ALCALDÍA

Expediente número: 2023/C003/000001

Asunto: Levantamento de reparo certificación única da obra “MELLORA DE FIRMES NOS LUGARES DE MUNDÍN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E VILACACÍN E NAS RÚAS C. PONTUS E CUARTEL”. POS+2023

Visto que con data 13.03.2025 (R.E. 2025/999/527) D.^a Ana Adelina López López, directora da obra denominada “Mellora de firmes nos lugares de Mundín, As Bieiteiras, Santallamar e Vilacacín e nas rúas C. Ponthus e Cuartel”, presentou a seguinte documentación correspondente á empresa adxudicataria LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A., con CIF A70124201:

- Certificación de obra única polo importe de 127.653,48 €
- Fotografía do cartel de obra

Consta no expediente a Acta de Recepción formalizada con data 10.04.2025.

Consta así mesmo no expediente a xustificación do control de calidade realizado e da xestión de residuos; e unha reportaxe fotográfica da obra.

Visto que a factura con nº de rexistro de facturas F/2025/975, de data 12.03.2025, nº de factura A228 A228-25-0001, correspondente á certificación única da obra “Mellora de firmes nos lugares de Mundín, As Bieiteiras, Santallamar e Vilacacín e nas rúas C. Ponthus e Cuartel” por importe de 127.653,48 €, foi expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e presentada telematicamente.

Visto que con data 05.05.2025 emitíuse informe de reparo pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación ÚNICA de obra e factura presentada, por non cumprir o adxudicatario co prazo de execución do contrato e a necesidade de impoñer penalidades ao contratista.

A solicitude de prórroga fíxose fora do prazo establecido legalmente, cando a obra xa debería ter rematado. Ao non ser admisibles as prórrogas tácitas (ART. 29.2 LCSP) a duración do contrato era ata o 14.12.2024. E por tanto, a súa execución está excedida, incorrendo o contratista en retraso. Polo tanto, incúmrese o prazo legalmente establecido.

No tocante a este tema, a solicitude de prórroga da execución do contrato presentada o día 13.12.2024 por D. Alfonso Luis Payo Suárez, en representación de LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A.,



CIF. A70124201 xustifica dalgunha maneira o retraso na execución da obra do seguinte xeito: “1.- ANTECEDENTES

LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A. é adxudicataria das obras de referencia, para o Concello de Cedeira, formalizándose o contrato en cuestión o 14 de agosto de 2024, cun prazo de execución de tres (3) meses dende o día seguinte á sinatura da acta de comprobación do replanteo, que tivo lugar o 13 de setembro de 2024.

2.- XUSTIFICACIÓN DA AMPLIACIÓN Durante a execución das obras producíronse unha serie de circunstancias alleas a LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A., que interfíren no normal desenvolvemento dos mesmos. En particular, as inclemencias meteorolóxicas nestas datas (chuvias e baixas temperaturas), impediron executar as obras con normalidade e desaconsellan executar, polo momento, os pavimentos de aglomerado en quente. Achéganse datos de días de chuva nestes meses, no listado adxunto pódese apreciar que no prazo de duración das obras, ata hoxe, houbo 50 días de choivas, o que supuxo a imposibilidade de realizar os traballos, véndose completamente afectadas as pavimentacións e a pintura.

3.- CONCLUSIÓN Polo anteriormente exposto, solicítase unha ampliación de dous (2) meses no prazo de execución das obras de “MELLORA DE FIRMES NOS LUGARES DE MUNDÍN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E VILACÍN E NAS RÚAS C. PONTUS E CUARTEL (CEDEIRA)”.

Consta informe da Dirección de Obra presentado por rexistro en data 17.12.2024 favorable á ampliación do prazo de execución solicitado polo contratista no que se conclúe o seguinte:

“La argumentación expuesta por el contratista en lo referente a la solicitud de prórroga:debido a circunstancias meteorológicas van a impedir realizar las tareas de aglomerado inicialmente previstas... Por parte de la dirección de obra se considera justificada la solicitud de ampliación de prórroga por circunstancias meteorológicas. Según datos de la Estación Meteorológica de Punta Candieria, ha llovido todos los días del último mes, lo que limita su ejecución según el artículo 542.8 del Pliego de Prescripciones Técnicas Generales para obras de carreteras y puentes, redactado según la Orden FOM/2523/2014, por provocar segregaciones térmicas en el extendido de la capa, lo que repercute negativamente en las propiedades de la mezcla asfáltica en caliente.”.

Enténdese, polo tanto, que o incumprimento no prazo de execución das obras non é por culpa do contratista.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto que de conformidade co art. 185.2 TRLRFL “Corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigacións derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos”.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e Base 19ª de Execución do Orzamento do ano 2025, que é o prorrogado do ano 2024, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.



Unha vez vista a documentación que se cita, en aplicación dos artigos 217 e seguintes do RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladoras das Facendas Locais, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Levantar o reparo interposto pola Intervención municipal á factura presentada pola empresa LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A., con CIF A70124201, adxudicataria da obra “MELLORA DE FIRMES NOS LUGARES DE MUNDÍN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E VILACACÍN E NAS RÚAS C. PONTUS E CUARTEL”, xa que a obra realizouse e de non facelo estaría a producir un enriquecemento inxusto por parte da Administración.

SEGUNDO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

8. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:02 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ